



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cestillas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 472/2015, DO 28 DE AGOSTO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 446/2015 do 14 de agosto, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal na modalidade de "obra ou servizo", de 1 oficial de segunda e 2 peóns para integrar a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais"

Presentada a oferta para un oficial de segunda albanel o día 18 de agosto de 2015 á Oficina de Emprego e remitidos os curriculums vitae dos desempregados vía e-mail con número de oferta 12-2015-9130 (RE:2081/2015 do 18 de agosto) ao departamento de emprego e desenvolvemento local do Concello, unha vez comunicados telefónicamente aos desempregados/as a recepción do seu curriculum vitae convócanse para unha reunión informativa o día 19/08/2015 onde os mesmos declaran recibir a información da praza ofertada e ao mesmo tempo comunican o seu interese a participar no proceso selectivo. Unha vez avaliada polo departamento de emprego a mostra de interese pola praza considérase solicitar á Oficina de emprego máis candidatos,(RS 1392/2015 do 20 de agosto), os cales son remitidos o día 21 de agosto de 2015(RE nº 2120/2015) e convocados a unha reunión informativa o día 24 de agosto de 2015. Dando a todos eles 3 días hábiles (excluído o sábado) para a presentación de instancia e documentación, tal e como establecían as bases.

Presentada a oferta para dous peóns o día 18 de agosto de 2015 á Oficina de Emprego e remitidos os curriculums vitae dos desempregados vía e-mail con número de oferta 12-2015-9132 (RE: 2082/2015 do 18 de agosto) ao departamento de emprego e desenvolvemento local do Concello, unha vez comunicados telefónicamente aos desempregados/as a recepción do seu curriculum vitae convócanse para unha reunión informativa o día 20/08/2015 onde os mesmos declaran recibir a información da praza ofertada e ao mesmo tempo comunican o seu interese a participar no proceso selectivo. Unha vez avaliada polo departamento de emprego a mostra de interese polas praza considérase solicitar á Oficina de emprego máis candidatos,(RS 1434/2015 do 24 de agosto), os cales son remitidos o día 25 de agosto de 2015(RE nº 2133/2015) e convocados a unha reunión informativa o día 26 de agosto de 2015. Dando a todos eles 3 días hábiles (excluído o sábado) para a presentación de instancia e documentación, tal e como establecían as bases.

Tendo en conta que a base quinta punto primeiro establece que "rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do Concello ou Concelleiro en quen delegue ditará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. No caso de que fose admitido tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en Dereito".

Despois de revisar as instancias presentadas en tempo e forma segundo os requisitos de documentación esixidos na base cuarta punto 2, pola presente, e en virtude do previsto no artigo 21. 1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección de de 1 oficial de segunda e 2 peóns para integrar a "Cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais"

- Admitidos 1 praza de OFICIAL DE SEGUNDA:

DÍA DE REXISTRO	NÚMERO DE REXISTRO	NOME E APELIDOS
21/08/2015	2114	José Cotelo Mato
25/08/2015	2128	Ovidio Rial Cereijo
26/08/2015	2139	Manuel Mato Moreira

26/08/2015	2140	Alfredo Sanchez Varela
26/08/2015	2145	Manuel Pose Torrado

Excluídos: ningún

- Admitidos 2 prazas de PEÓNS:

DÍA DE REXISTRO	NÚMERO DE REXISTRO	NOME E APELIDOS
21/08/2015	2117	Óscar Silvano Romero Canosa
24/08/2015	2122	Ovidio Rial Cereijo
24/08/2015	2126	José M ^a de La Fuente Pereiro
27/08/2015	2151	Julio Lema Vazquez
27/08/2015	2153	Manuel Angel Vazquez Mato
28/08/2015	2168	Ricardo Carracedo Manrique

Excluídos: ningún

SEGUNDO: Convocar igualmente ao Tribunal de selección e os aspirantes definitivamente admitidos para o **martes día 2 de setembro de 2.015 ás 09:00 horas**, na Sede de Protección Civil, sita en O Picón s/n Cesullas, para a **realización da proba práctica** e posterior valoración dos méritos presentados polos aspirantes. De conformidade co previsto na base sexta punto1, designar como membros do Tribunal de Selección:


- Presidenta: D^a. María Silvana Facal Martínez (AEDL do Concello)
- Secretaria: D^a Margarita Docanto Alonso (Funcionaria do Concello).
- Vogais: D. José Manuel Varela Lema (Conductor de maquinaria do Concello).

TERCEIRO: Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución nº 446/2015 do 14 de agosto.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e oito de agosto de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

Alcalde

 Asdo.: José Muíño Domínguez
 (A CORUÑA)

A Secretaria en acumulación de funcións

 Asdo.: Rosa Ana García Fernández
 SECRETARÍA
 (A CORUÑA)